



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OTORGAMIENTO DE LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDAS

Artigo 1.- Fundamento e natureza

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réximen Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Guarda establece a Taxa por outorgamento de licencia de primeira ocupación de vivendas e locais, a que se refire o artigo 20.4 h) da Lei 39/88, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 58 da devandita Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 2.- Feito imponible e obriga de contribuir

1. Está determinado pola actividade municipal desenvolvida para a prestación de licencia de primeira ocupación de vivendas nos edificios de nova construción, cambio de uso do construído, a súa reconstrución ou reforma.

2. O carácter obrigatorio desta licencia derívase do establecido nos artigos 178.1 do Texto Refundido da Lei sobre Réximen do Solo e Ordenación Urbana, artigo 1 do Regulamento de Disciplina Urbanística e 194.2 da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

3. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se solicite a prestación do servizo ou cando, inda sin previa solicitude se motive a actuación da administración municipal con esta finalidade.

Artigo 3.- Suxeito pasivo

1. É suxeito pasivo contribuinte a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten a prestación do servizo e os propietarios das vivendas que, inda sin previa solicitude, motiven a actuación administrativa que constitúe o feito imponible.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que determina o artigo 40 da L.X.T.

Artigo 4.- Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais cos establecidos en normas con rango de lei e os que se deriven da aplicación de tratados internacionais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Artigo 5.- Base imponible e tipo de gravame.

A base imponible será a de 372,34 €/m² de construción.

Os tipos de gravame serán os seguintes:

- Ata 150 m² habitables..... 0,10%.
- Dende 150 m² ata 200 m² habitables..... 0,20%.
- Máis de 200 m² habitables..... 0,30%.

Artigo 6.- Normas de xestión

1. Os propietarios dos edificios de nova construción, dos que sufriran reformas e os que vaian a modificar o uso das construcións, unha vez concluídas as obras deberán dar conta delo presentando a licenzia urbanística en virtude da que se autorizaron tales obras, si a súa obtención era preceptiva.

Cumprido o devandito trámite ou simultaneamente con el procederán a solicita-la licenzia de primeira ocupación. Si non se solicitara, o Concello, unha vez que teña coñecemento da terminación das obras ou cambios de uso de locais, requerirá ó suxeito pasivo para que a solicite, sen perxuízo de impoñe-las sancións ou de adopta-las medidas que sexan procedentes.

Os servizos técnicos do Concello practicarán os recoñecementos oportunos, comprobando que a actuación se axustou á licenzia concedida para a súa execución e que as vivendas contan cos servizos necesarios para a súa primeira utilización conforme ó destino determinado en aquela licenzia.

2. Esixirase o depósito previo da taxa como requisito indispensable sin o que non se procederá á tramitación da solicitude. Cando así se determine, os suxeitos pasivos realizarán as operacións de autoliquidación da taxa.

Simultaneamente ca concesión da licenzia, aprobarase a liquidación practicada, si procede, efectuando as liquidacións complementarias que sexan necesarias ou reintegrando ó suxeito pasivo as cantidades que resulten o seu favor, seguindo o procedemento establecido para as devolucións de ingresos indebidos.

Artigo 7.- Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á calificación das infraccións e a súa sanción, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de setembro de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.